

## **ASUNTO**

XGL/2021/00014495V

Convocatoria de sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 5 de abril de 2021.

Sres./as Concelleiros/as da Xunta de Goberno Local de Santiago de Compostela:

Mercedes Roson Ferreiro  
Gumersindo Guinarte Cabada  
Milagros Castro Sanchez  
Gonzalo Muíños Sanchez  
Marta Abal Rodriguez  
Jose Manuel Pichel Patiño  
Jose Javier Fernandez Martinez

Convoco aos/ás Sres./as Concelleiros/as arriba relacionados/as para a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local que terá lugar Casa Consistorial o día 5 de abril de 2021, as 10:00 horas, e de non poder celebrarse, farase en segunda convocatoria o mesmo día una hora máis tarde.

## **ORDE DO DÍA**

### **1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00014495V.**

Apróbase a acta de sesión anterior.

### **2. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00014495V.**

Rectificación de erro material cometido no título do punto 3 da acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno local, de data 29 de xaneiro de 2021.

Rectifícase o erro material cometido no título do punto 3 da acta da sesión extraordinaria e urxente celebrada con data 29 de xaneiro de 2021, de xeito que onde na citada acta se di:

3. EDUCACIÓN. Referencia: 2021/EDU02.

Prórroga do Contrato “Contrato baseado nun acordo marco para a contratación da subministración de electricidade en alta e baixa tensión a través da Central de contratación da FEMP” (CON/38/2019);

Debe decir:

3.- EDUCACION. Referencia. 2021/EDU02.

Informe-proposta de prórroga do contrato administrativo para a prestación do servizo de catering e de persoal monitor/coidador de comedor escolar para os CEIPs de Santiago de Compostela.

### **3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/974/2016.**

Licenza para reforma de vivenda unifamiliar na rúa de Vista Alegre 183.

Concédesse licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme segundo o proxecto básico e de execución redactado, a REFORMA DE VIVENDA UNIFAMILIAR situada na RÚA VISTA ALEGRE (DE), 183 SANTIAGO DE COMPOSTELA (A CORUÑA).

**4. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/1835/2011.**

Aprobación do proxecto modificado 2 edificio de 74 vivendas sito na rúa Berlín 11 (Parcela R-4 Fontiñas).

Concédesse a URBIGAL UNO SL, a aprobación do modificado de EDIFICIO DE 74 VIVIENDAS (FASE I para 35 viv. e FASE II para 36 viv. TOTAL 71 vivendas) para obras baixo cuberta FASES I e II para cambiar o uso de trasteiro a vivenda no edificio situado na Rúa Berlín 11 (Parcela R4 Fontiñas), segundo o proxecto redactado cun Orzamento Execución Material 62.005,47 €.

**5. PATRIMONIO. Referencia: 2021/00000761S.**

Proposta a XGL inadmisión por falta de lexitimación.

Inadmíttese un recurso de reposición ao carecer de lexitimidade na súa condición de cedente para impugnar o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local de 8/02/21 relativo á autorización da cesión dos dereitos de adxudicación na parcela BA1 SUNP-11

**6. XESTIÓN DE PERSOAL. Referencia: 2021/00012703L.**

Corrección de erros do acordo "70.- aprobación da concesión e xustificación das axudas para o rescate da restauración e hospedaxe do Concello de Santiago de Compostela afectado pola COVID-19. Anualidade 2020" de Xunta de Goberno Local celebrada en sesión extraordinaria e urxente o día 30 de decembro de 2020.

Corríxese o erro consistente en incluír na listaxe de beneficiarios a unha persoa que non alcanzaba o importe mínimo esixido nas bases. A axuda queda denegada.

**7. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2021/00012239S.**

Convalidación de gasto correspondente a contrato menor por razón de contía factura de Editorial Aranzadi SA (F-2021/554) por importe de 7504.23 euros.

Convalídanse as actuacións levadas a cabo con omisión da aprobación previa, considerando acreditada a totalidade do gasto, o cal se corresponde cun contrato menor por razón de contía regulado no artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público. Autorízase, dispónse e recoñécese a obriga derivada do referido gasto a favor de EDITORIAL ARANZADI SA por un importe total de 7504.23 euros.

**8. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2021/00014136A.**

Dar conta á Xunta de Goberno de sentenza recaída no PA149/2019 CA1.

Dáse conta da sentenza relativa a responsabilidade patrimonial por danos en vehículo. A sentenza é parcialmente favorable para o Concello, non recorrible en apelación. En primeiro lugar, a sentenza estima a falta de lexitimación de aseguradora, exposta polo Concello, xa que non consta acreditado o pago para subrogarse na posición do asegurado. En canto aos danos, rexeita aqueles que non poden deducirse do parte policial, polo que limita a contía, a fixar en execución de sentenza, á substitución da lami e un dos pneumáticos.

**9. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2021/00014152L.**

Dar conta á Xunta de Goberno de sentenza recaída no PO 142/2019 CA2.

Dáse conta de sentenza, relativa á declaración de ruína económica dun inmovible situado na Rúa San Paio de Antealtares. A sentenza é parcialmente favorable para o Concello, recorrible en apelación.

**10. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2021/00013642S.**

| Dar conta da sentenza recaída no PA 365/2018 CA1. |

Dáse conta da sentenza, favorable aos intereses municipais, pois desestima o recurso e desbota o motivo de oposición á providencia de apremio alegado de contrario, ao constar notificada a liquidación nos folios 2 e 3 do expediente administrativo. Non entra no resto das consideracións expostas na demanda, ao tratarse de actos anteriores non impugnados nin en tempo, nin en forma.

#### **11. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2021/00013629W.**

| Dar conta á Xunta de Goberno de sentenza recaída no PA 230/2019 CA 1. |

Dáse conta da sentenza 70/2021 do 8 de marzo do 2021, favorable aos intereses municipais, pois desestima a pretensión do pago da cantidade de 4.870,71 € en concepto de honorarios do PO 598/2013, ao estimar que concorre a prescripción alegada pola defensa do concello en canto aos honorarios de primeira instancia - ter transcorrido máis de 3 anos dende a data na que deixou de prestar os servizos (25/01/2015), artigo 1967 Código Civil, ata data da presentación da factura (17/01/2019). Respecto aos servizos prestados en apelación, suxeitos a un contrato diferente, seguindo o criterio defendido polo concello, a sentenza estima que o seu aboamento calcularase consonte co contrato vixente daquela (CON/8/2013) a determinar en execución de sentenza.

### **URXENCIAS**

#### **1. Convalidación das actuacións realizadas durante a execución do contrato de instalación de herba artificial no campo de fútbol das Cancelas: convalídase a ampliación do prazo de execución do contrato.**

Convalídanse as actuacións ata o momento realizadas na execución das obras de referencia, subsanando os defectos formais observados, acordando a prórroga solicitada, e dando como válido o 24 de marzo de 2021 como data da definitiva finalización dos traballos. Autorízase o inicio de trámites para proceder á recepción das obras, nomeando representante da administración á técnica municipal responsable das obras de referencia.

#### **2. Devolución da fianza do contrato Obras de ampliación do patio e dotación de parque infantil no Colexio Quiroga Palacios.**

Autorízase a devolución da fianza constituída pola empresa ZONA DE OBRA O ROSAL SLU por importe de 2.521,05 euros para responder do contrato de "Obras de ampliación do patio e dotación do parque infantil no colexio Quiroga Palacios"

#### **3. Dación de conta do decreto do Xulgado de 1ª Instancia nº 3 polo que se rexeita o recurso xudicial interposto polo Concello de Santiago contra a poxa xudicial do local situado na R/ República do Salvador, 12 - 1º**

Tómase coñecemento da resolución procesual e acórdase non interpoñer recurso de revisión. Remítese ao Departamento de Patrimonio para os efectos oportunos.

#### **4. Dar conta do escrito remitido pola Plataforma de Traballadores Mineiros de Touro- O Pino.**

Dáse conta do devandito escrito no que se solicita xuntanza co alcalde ou concelleiros de goberno.